

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 3 DE MAIO DE 2012.

Na Casa Consistorial de O Barco de Valdeorras, sendo as 19:03 horas do 3 de maio de 2012, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reuniuse no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, aos efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a M^a Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a María Estela Delgado Fernández
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez
D. Vitor Manuel Sierra Nieves

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto, realizada coa antelación regulamentaria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e orde do día, no Taboleiro de Anuncios deste Concello.

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente ás dezanove horas e cinco minutos, di o alcalde que non se inclúe na orde do día a aprobación da acta, xa que a última sesión celebrouse o día 17 e que foi na que se aprobou os presupostos que foi bastante longa e que non lle deu tempo ao funcionario encargado da transcripción a realizala. Di que aproveita para presentar ao novo secretario, Jesús.

Procédese de seguido á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

1 Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, declaración do dereito á bonificación do I.C.I.O. a solicitude de interesado.

Di o Sr. Alcalde que se trata dunha solicitude dunha bonificación do ICIO dunha obra no Castro, número 86, que ten os informes favorables da Intervención e cumpre todos os requisitos, que non se elevou a comisión informativa e por iso se ratifica a súa inclusión na orde do día, que a interesada se chama Gemma Núñez Docampo e lle corresponde o 95% de bonificación.

A continuación o sr. Presidente somete a votación a ratificación da inclusión na orde do día do presente asunto sendo aprobada en votación ordinaria e por unanimidade dos dezasete membros do Pleno.

Sen máis intervencións, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos dezasete membros do Pleno acorda:

Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por Gemma Núñez Docampo (R.E. 17 de abril de 2012) de interese social e histórico, por concorrer na edificación circunstancias de edificación de interese histórico, artístico e cultural.

Segundo: Propoñer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% do I.C.I.O..

2 Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, acordo relativo a emenda da fixación das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

Di o Sr. Alcalde que polas razóns que sexan, que el desde logo non recorda, no Pleno de Constitución desta Corporación, o do 21 de xuño de 2011, cando se determinaron as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, non consta na acta que eran semanais, polo tanto hai que ter en conta que terían que ser unha ordinaria e outra extraordinaria, e para evitar iso a proposta é emendar o acordo da sesión do pleno do día 21 de xuño de 2011 e fixar que as sesións de Xunta Local de Goberno serán todos os xoves de cada semana ás 13:30 horas en primeira convocatoria e máis tarde, ás dúas, en segunda convocatoria.

A continuación o sr. Presidente somete a votación a ratificación da inclusión na orde do día do presente asunto sendo aprobada en votación ordinaria e por unanimidade dos dezasete membros do Pleno.

Logo de ver a proposición da Alcaldía que copiada di: “PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

O día 11 de xuño de 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello do Barco de Valdeorras xurdida das eleccións municipais

celebradas o 22 de maio de 2011, e o día 21 de xuño adoptáronse determinados acordos organizativos.

O artigo 46.2 a da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) e artigo 211 e 212 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) establecen que a Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria coa periodicidade que sinala o Regulamento orgánico e como mínimo cada quince días e para o caso de que non se dispoña de regulamento orgánico, para o exercicio das competencias resolutorias será o pleno o que determine a súa periodicidade, co mínimo sinalado.

Logo de ver canto antecede, no exercizo das competencias que me atribúe a lexislación vixente, proponho que, previa ratificación da inclusión do asunto na orde do día, o Pleno adopte o seguinte acordo:

Emendar os acordos da sesión organizativa do pleno do Concello do Barco de Valdeorras celebrados en sesión de 21 de xuño de 2011 e determinar que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello do Barco de Valdeorras terán carácter semanal, celebrándose as sesións os xoves de cada semana ás 13:30 horas en primeira convocatoria. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o seguinte xoves hábil ou ben o día anterior ou posterior ao inhábil, segundo determine a Alcaldía.

O Barco de Valdeorras 27 abril de 2012

O alcalde-presidente accidental

(resolución do 26 de abril de 2012)

Eduardo Ojea Arias.”

Sen máis intervencións, en votación ordinaria e con 9 votos a favor (dos concelleiros que integran o Grupo municipal do PSOE) e 8 abstencións (dos concelleiros que integran os grupos municipais do P.P. e do B.N.G.) o Pleno acorda:

Emendar os acordos da sesión organizativa do pleno do Concello do Barco de Valdeorras celebrados en sesión de 21 de xuño de 2011 e determinar que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello do Barco de Valdeorras terán carácter semanal, celebrándose as sesións os xoves de cada semana ás 13:30 horas en primeira convocatoria. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o seguinte xoves hábil ou ben o día anterior ou posterior ao inhábil, segundo determine a Alcaldía.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1 Mocións urxentes

Di o sr. Alcalde que hai catro mocións dúas que presenta o equipo de goberno y dúas que presenta o grupo municipal do P.P., que se vai comezar polas que presenta o equipo de goberno e logo trataranse as que presentan os demais grupos.

1.1 Planta de compostaxe

Di o Sr. Alcalde que se debe ratificar a urxencia do asunto procedendo a someter a mesma ao Pleno que a acorda, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros. Unha vez acordada a urxencia concédeselle a palabra dende a Presidencia ao concelleiro delegado de medio ambiente, sanidade e educación, Sr. Alonso Araújo que fai uso dela para dar as boas tarde e dicir que seguindo un pouco co proceso de licitación ou de sacar a concurso a planta de compostaxe, este se iniciou fai uns meses, e despois de que se aprobara no pasado pleno o dictame da Comisión xa dándolle para adiante a todo este procedemento e que estivera exposto o expediente durante un mes ao público, hai dúas alegacións que foron presentadas polo PP unha, máis que alegación a do PP é, máis ben, unha suxestión, relativa ao estudo económico financeiro que acredite a viabilidade deste servizo, e hai outra que se presentou desde o propio grupo de goberno que é relativa a un punto que di que explicará a continuación. Di que nos aspectos financeiros, no apartado 4, puxeron que o Concello aportaría ao concesionario por cada tonelada de residuos orgánicos que recolla selectivamente, como máximo o 60% do prezo actual que se abona a Sogama, pero que para deixar bastante máis claro este punto, queren engadir que para calcular o importe da subvención se terá en conta soamente os residuos alimenticios e de cociña procedentes de fogares, restaurantes, colexios, centros sanitarios, así como outros servizos nos que se produzan este tipo de residuos co obxecto de separar aqueles residuos que tamén son orgánicos, por exemplo restos de podas, restos de segas de xardíns, etc., que eses non son subvencionables, é dicir aquí do que se trata é de subvencionarlle á empresa simplemente aqueles residuos que son retirados do viaxe a Sogama e separalos daqueles outros que non se están a pagar a Sogama de momento, porque xa os retirábamos directamente desde os xardíns, e que as podas das árbores van directamente a Viloira á planta, co cal entraban no circuíto de Sogama, polo que, di o concelleiro, para que quede claro engádese esta alegación.

Prosegue o concelleiro dicindo que respecto da alegación do grupo municipal do P.P. a Técnico de medio ambiente elaborou e este Concelleiro subscribiu o estudo de viabilidade económica, que cre que todos os grupos tiveron acceso ao mesmo, xa que estaban o expediente, que o estudo se basea nunhas hipóteses de traballo que este concelleiro plantexou no anterior Pleno, é dicir, non hai datos de plantas similares a que se pretende poñer en marcha como para ter un coñecemento exacto do que vai a custar ou da rendabilidade que pode dar o servizo, polo que a Técnico de medio ambiente, a partir dunha serie de datos que sí son reais, que é a cantidade de lixo que se produce nun fogar ao cabo do ano, a cantidade ou toneladas de poda, de segas, etc., que máis ou menos eso si que se pode estimar, e tomando como clave en todo este estudo económico que a poboación potencialmente usuaria que colabora con este novo servizo que se vai a poñer en marcha é de 5.000 persoas, que sería, di o concelleiro, pouco máis ou menos un tercio da poboación do Concello do Barco, saen todos os demais datos, co que nos daría un resultado final de 3.000€ de beneficio para a empresa adxudicataria. Prosegue o concelleiro dicindo que cómpre dicir que o estudo está realizado en base a datos estimados por tratarse dun servizo que se vai a desenvolver de xeito experimental e que polo tanto non existen datos de implementación do porcedemento nin económicos de plantas similares á nosa, e o que tamén hai que subliñar é que as empresas licitadoras, tal e como se recolle no punto 4 deberán presentar un plan de comercialización que inclúa un estudo de custos, e que polo tanto teñen que esperar a que no seu momento as empresas presenten ese estudo. En principio, di o concelleiro, o estudo ou previsión económica sería esta, pero que volve a repetir que é algo hipotético.

Pide a palabra o sr. Blanco Paradelo, que unha vez concedida fai uso dela para desexar unhas boas tardes aos concelleiros e concelleiras e dar a benvida ó novo secretario en nome do Grupo Popular, ao que xa se presentou hoxe no seu despacho, desexándolle que estea a gusto no Barco de Valdeorras e que, si así o considera, quede entre nós o tempo que desexe. Prosegue o sr. Blanco Paradelo dicindo que, en primeiro lugar, que si o grupo de goberno incorpora, non precisando para a maioría os votos do PP, ao expediente o estudo económico debe ser porque o consideran necesario, que o seu grupo político xa dixo no pleno no seu momento que si esto se producía non terían inconveniente en dar o seu voto favorable a este proxecto, e que nese sentido presentarían suxestión e así o fixeron, que en principio é un proxecto novedoso, un proxecto interesante e que pode resultar ben en moitos factores ou en moitas facetas, tanto en educación como no reciclaxe, etc. Polo tanto, di o voceiro, ao seu grupo lles gusta a idea polo que, aceptada a alegación realizada polo seu grupo incorporando o estudo económico o seu grupo vai votar a favor do acordo. Prosegue o sr. Blanco

Paradelo dicindo que, o estudo aínda que sexa orientativo, ou como decía o Alcalde se trate de poñer uns cantos números, que xa verán se serven para moito ou non, pero polo menos sae unha explotación positiva, rendable en 3.756€, aínda que non sabe si esta rendabilidade animará a que moitas empresas se decidan a optar por xestionar este servizo. Di o concelleiro que sexa como sexa, está claro que xa hai un estudo, que xa hai algo de partida, o que desde logo estará por ver ou examinar será que no momento da presentación de solicitudes este plan que falaba de comercialización deberá ser un pouquiño cercano ou similar ao estudo, porque, do contrario, di o concelleiro, alguén fallou na elaboración, ou os nosos técnicos, que esperemos que non, ou os técnicos que veñen de fóra. Prosegue o voceiro do grupo municipal do P.P. dicindo que agradecen a vontade do grupo de goberno para o estudo, e tamén queren facerlle esa reflexión, e que o equipo de goberno falaba en canto a poboación potencialmente usuaria con certas dúbidas, determinando como poboación potencialmente usuaria un tercio da poboación do Concello, e que hai que ter en conta que sabemos que residen no Concello máis cidadáns dos que están empadroados, e se tal e como se falou, se pretende involucrar aos nosos nenos a través dos centros escolares, non aos máis pequenos pero si aos dos últimos cursos da primaria ou da ESO, pensa que o dato máis fiable sería en tal caso ver o número de vivendas que hai e cántas persoas residen nesas vivendas, porque xerar este tipo de residuos urbanos todo o mundo vai a xerar, unha persoa de 20 anos, unha persoa de 55 ou unha persoa de 90 anos, e que a estimación prevista lle parece unha estimación bastante baixa tendo en conta que da xeración de residuos non se pode escapar xa que todos imos dalgunha forma a xerar este tipo de residuos e que polo tanto lle parece demasiado prudente ou quizás que non se tiveron en conta outro tipo de parámetros da realidade que nós queremos conseguir con este servizo. Prosegue o concelleiro dicindo que por outro lado supón, e que se é así o diga o grupo de goberno e se non o é non ocorre nada, que a través de poñerse a traballar, de facer este estudo, se darían conta do que o concelleiro explicaba en canto á parte que se vai a subvencionar, polo que o estudo serviu para que o grupo de goberno presentara a súa emenda e que lle parece boa idea que se centre en subvencionar precisamente o que é residuos orgánicos porque os outros residuos como os de desbroce e restos de material da maleza pensa que ten que ir por outra vía, como explicou o concelleiro delegado de medio ambiente. Polo tanto, di o concelleiro, que o seu grupo político, cando se fan as cousas ben e se presenta a documentación que entenden que procede presentar, sen que se trate dun capricho do grupo municipal do P.P. senón que o mesmo informe desfavorable de Secretaría recomendaba precisamente que se incorporara este estudo, votará a favor.

Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves, que unha vez concedida fai uso dela para dicir desexar as boas tardes aos concellerios e concelleiras e dar a benvinda ao secretario. Prosegue dicindo que a opinión do seu grupo é a que dixeron hai dúas sesións plenarias e que non a vai repetir. Di que se trata de novo dunha privatización dun servizo público ao que o goberno os ten bastante acostumbrados. Di que cren que o obxectivo deste Concello non é regalarlle os servizos a empresas privadas e que na intervención que fixo no seu momento deu as alternativas que cren son as que hai que seguir para xestionar este servizo e que non se vai a repetir, por eso se vai abster na votación.

Pide a palabra o Sr. Alonso Araújo para dicir que se alegra de que o grupo municipal do PP se adhira a este proxecto e que quere aclarar que a estimación que se fixo é unha estimación prudente, evidentemente, porque é que non hai datos e que incluso se lle remitiu á Deputación, aos técnicos da Deputación, e que a opinión deles é esa, que o proposto é algo hipotético, que están traballando cunha hipótese inicial e esa hipótese parte de algo que parece prudente, que sería máis ou menos un tercio da poboación e a partir de aí desexa que sexan prudentes no que é o estudo e que despois a realidade será moito máis positiva do que están esperando. Con respecto as palabras do voceiro do grupo mixto (BNG) di o concelleiro que a xestión proposta para o servizo é a xestión que lle está facendo determinados Concellos tamén o BNG, e que evidentemente se considera que é a única vía para poñer en marcha agora mesmo o servizo, e que o Concello non dispón de medios nin de persoal suficiente para poñer o servizo en funcionamento e que polo tanto non hai outra posible forma de xestión.

Sen máis intervencións, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por 16 votos a favor (dos concelleiros dos grupos municipais do PSOE e do PP) e unha abstención (do sr. Sierra Nieves) acorda:

1º A aceptación das alegacións presentadas polo voceiro do Grupo municipal do PP e do concelleiro delegado de medio ambiente, sanidade e educación no período de exposición pública do expediente para a contratación mediante xestión indirecta do servizo público municipal da planta de compostaxe do Concello do Barco de Valdeorras.

2º Tomar nova consideración da memoria relativa á conveniencia e oportunidade á que se refire o artigo 97 do Real Decreto 781/1986 de 18 de abril, do servizo público da planta de compostaxe do Concello do Barco de Valdeorras, que queda redatada tal e como se transcribe como anexo a este acordo.

3º Modificar o regulamento do servizo da planta de compostaxe e recollida de biorresiduos no Concello do Barco de Valdeorras, que queda redactado tal e como se transcribe como anexo a este acordo.

4º Someter o expediente, regulamento incluído, a unha nova información pública por prazo de 30 días hábiles mediante a publicación de anuncio no B.O.P. de Ourense e no taboleiro de anuncios do Concello, para que se podan presentar alegacións ou suxestións polos interesados.

5º Dar conta deste acordo na comisión informativa correspondente.

“ANEXO

**MEMORIA DA COMISIÓN DE ESTUDO PARA A
IMPLANTACIÓN DUNHA PLANTA DE COMPOSTAXE DE
RESIDUOS VEXETAIS NO BARCO DE VALDEORRAS.**

Sendo nomeada por Decreto de Alcaldía, de 16 de febreiro de 2012, unha Comisión de estudo da conveniencia e oportunidade da implantación dunha planta de compostaxe de residuos vexetais no Barco de Valdeorras, elabórase a presente Memoria relativa ós aspectos sociais, xurídicos, técnicos, financeiros e demais cuestións relativas ó servizo sinaladas no artigo 97 do TRRL (Real Decreto Lexislativo 781/1986).

A presente Memoria elabórase ca colaboración do Servizo de Augas e Medio Ambiente da Deputación de Ourense, no marco da cooperación e asistencia técnica do organismo provincial cos municipios.

1.- Descrición xeral do proxecto e forma de xestión:

Preténdese a posta en marcha e explotación dunha planta municipal de compostaxe de restos vexetais, localizada na estrada da N-536 Ponferrada-Ourense, na súa marxe dereita en dirección Ourense. A continuación, móstrase a localización da planta reflectindo as coordenadas UTM (ED50):




FOTO Nº 1: Localización da planta de compostaxe de residuos vexetais
A forma de xestión da planta, tal e como despois se sinalará, á vista da falla de especialización e escasez de medios do Concello, será a xestión indirecta mediante concesión.

Na actualidade a planta, de propiedade municipal, localízase nunha parcela de 2.774,30 m² e consta das seguintes partes: unha zona con cuberta para almacén e garaxe, unha fosa de lixiviacións, a caseta ca electro-bomba, unha balsa de auga e unha zona en terra diferenciada en catro partes (todas a ceo aberto): a zona de amoreamento de restos vexetais, a zona de fermentación, a zona de maduración e xa no final do proceso unha zona de amoreamento de afino. Asemade, tamén dispón dun cerre do contorno e dun sistema de rega que permite te-la zona en condicións para o traballo e evita-la aparición de incendios.

Por outra banda, o Concello poría a disposición do adxudicatario a seguinte maquinaria da súa propiedade:

- Trituradora móbil accionada mediante tractor (Pezzolato, S7000)
- Volteadora móbil accionada mediante toma de forza de tractor (Pezzolato, PRT 2500)
- Cribadora móbil accionada con motor eléctrico (Pezzolato, Rotovaglio L3000)

O obxectivo principal do Concello do Barco ca posta en funcionamento desta planta de compostaxe é desfacerse de forma axeitada e correcta, tanto dende un punto de vista medioambiental como económico-social, dos restos de poda de xardíns e de zonas verdes municipais. Deste xeito asegúrase a limpeza das zonas de uso público e común e promóvese o tratamento dun biorresiduo (que segundo a Lei 22/2011, de xullo de 2011 defínese como: “residuo biodegradable de xardíns e parques, residuos alimenticios e de cociña procedentes de fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva e establecementos de venta ó por menor, así como residuos comparables procedentes das plantas de procesado de alimentos”) o cal permitiría cerrar o ciclo natural, pasando de ser un residuo a un abono natural.

Este proxecto non terá canon de concesión pero si dereito a recibir subvención, estando esta xustificada polo aforro que lle supón ó Concello ó non entrega-la materia orgánica recollida ó xestor actual. Pese ó anterior segue sendo interesante para o concello mecanismos que permitan desfacerse dunha fracción de materia orgánica procedente de colexios, centros médicos e restaurantes da zona, de xeito coherente ca

liña estratéxica 3 para o desenvolvemento do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (PXRUG 2010-2020).

Por todos estes motivos e pola escaseza de medios propios e a falta de especialización neste ámbito, propónse a xestión indirecta desta planta de compostaxe. Con base nisto, o licitador solicitará do Concello unha subvención igual ó número de toneladas de materia orgánica que en cada período de liquidación recolla selectivamente (e polo tanto retire do circuíto actual de RSU) valoradas ó prezo ofertado por debaixo do tipo máximo de licitación (que é o 60% sobre o prezo actual de entrega en SOGAMA, no momento no que se realiza a oferta para a procedemento de contratación desta explotación).

Para elo, o ofertante deberá asegura-la recepción e tratamento de tódolos residuos vexetais procedentes do mantemento e da conservación de estradas, equipamentos, dotacións, zonas verdes e espazos de titularidade municipal, así como os procedentes da actividade de mantemento de fincas e xardíns de titularidade privada localizados no termo municipal do Barco de Valdeorras. Asemade, tamén asegurará a recollida de materia orgánica procedente da separación selectiva en orixe de residuos sólidos urbanos e domésticos, sendo esta última clasificación a definida segundo a Lei 22/2011, de 28 de xullo de 2011, de residuos e solo contaminados, como: “os residuos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Considérase tamén residuos domésticos os similares ós anteriores xerados en servizos e industrias. (...) Tamén terá a consideración de residuos domésticos os residuos procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e vehículos abandonados”. Todo isto fixando como obxectivo primordial que o adxudicatario deberá asegura-la elaboración dun produto final que teña a consideración de compost segundo a lexislación vixente actual. Asemade, non deberá descoidar o feito de que se supón que para elo facilitará os medios materiais e técnicos necesarios (colectores de proximidade para a fracción de materia orgánica, camión para a recollida e transporte á planta destes residuos, ...) para asegura-la dita recollida. É importante expoñer, que en ningún caso o adxudicatario poderá recoller residuos doutros municipios, que non sexan do Barco de Valdeorras. No caso de detectarse e demostrar esta irregularidade, o Concello poderá directamente rescindir a entrega da subvención ao adxudicatario, podendo adoptar medidas mais extremas.

Por outra banda, este poderá ofertar diferentes propostas e melloras, que axuden a poñer en funcionamento a planta de reciclaxe de residuos vexetais. Entre as cales, por unha banda consideraríanse calquera proposta e/ou iniciativa de sensibilización e concienciación, incluíndo

visitas, excursións ou charlas dende a rúa ou dende a planta empregando este lugar como unha aula didáctica, sobre as vantaxes da realización de compostaxe, orientadas a diferentes grupos sociais (receptores): comerciantes, industriais, escolares... Entendendo este último grupo como os receptores potenciais máis eficientes non só á hora de asimilar novos coñecementos, senón á hora de transmiti-la mensaxe a outros receptores (familiares, amigos...). Por outra banda, valorarase calquera obra ou instalación, complementaria ás existentes, así como actividades ou adquisición de bens ou inmobles que sexan necesarios ou axuden ao correcto funcionamento do proceso de compostaxe dos residuos vexetais, entendendo que estas melloras pasarán ó final do período da explotación a ser de titularidade municipal, propoñendo un prazo mínimo de amortización de dez anos. Finalmente, no senso da contratación entendemos que se debe promover a contratación ecolóxica, ética e social. Polo que valorarase nos criterios de adxudicación non só a incorporación de criterios medioambientais na contratación pública senón que as propostas inclúan factores de carácter social, como por exemplo: a perspectiva de xénero, o fomento de contratación de empresas de inserción (asociacións de discapacitados físicos)... Os requisitos de carácter social deberán axustarse aos principios de concorrencia, igualdade de trato e non discriminación e a maiores esixirase a compatibilidade entre ambos criterios.

2.- Aspectos financeiros:

Trátase dun servizo a desenvolver inicialmente de xeito experimental polo que non existen datos de implementación procedimental nin económicos.

Para a adxudicación do servizo tomarase en consideración o estudo de custos da actividade presentado nas ofertas, co que poderemos verificar a viabilidade económica do proxecto e controla-la rendibilidade do servizo no futuro.

Como xa se indicou anteriormente os aspectos financeiros do servizo serán os seguintes:

1º.- Non se establecerá canon a pagar polo concesionario.

2º.- Non se establecerán tarifas a percibir por parte dos usuarios.

3º.- O concesionario será retribuído ca actividade económica derivada da comercialización do compost.

4º.- O Concello aportará ó concesionario por cada tonelada (t) de residuo orgánico que este recolla selectivamente como máximo o 60% do prezo actual que se abona a SOGAMA. O concesionario deberá licitar sobre a devandita porcentaxe que terá o carácter de máximo. Para calcular o importe da subvención teranse en conta soamente os

residuos alimenticios e de cociña procedentes de fogares, restaurantes, colexios, centros sanitarios, así como outros servizos nos que se produzan este tipo de residuos.

3.- Regulamento do Servizo:

**REGULAMENTO DO SERVIZO DA PLANTA DE COMPOSTAXE E
RECOLLIDA DE BIORRESIDUOS NO CONCELLO DE O BARCO
DE VALDEORRAS**

ÍNDICE DE ARTIGOS

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. Obxecto

ARTIGO 2. Definicións

ARTIGO 3. Obxectivos

ARTIGO 4. Responsabilidade

ARTIGO 5. Prestación do servizo

TÍTULO II. IDENTIFICACIÓN DE RESIDUOS E XESTIÓN

ARTIGO 6. Tipoloxía dos residuos

ARTIGO 7. Formas de presentación dos biorresiduos

ARTIGO 8. Xustificantes das pesadas

ARTIGO 9. Descrición das instalacións

ARTIGO 10. Funcionamento e xestión

ARTIGO 11. Horario

TÍTULO III. OBRIGAS E PROHIBICIÓN

ARTIGO 12. Taxa por entrega dos biorresiduos

ARTIGO 13. Prohibicións dos depositantes dos biorresiduos

TÍTULO IV. INFRACCIÓN E SANCIÓN

ARTIGO 14. Infraccións

ARTIGO 15. Potestade sancionadora e sancións

ARTIGO 16. Prescrición

DISPOSICIÓN FINAL

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. Obxecto

O obxectivo principal do Concello de O Barco coa posta en funcionamento desta planta de compostaxe é desfacerse de forma axeitada e correcta, tanto dende un punto de vista medioambiental como económico-social, dos restos de poda de xardíns e de zonas verdes municipais. Deste xeito asegúrase a limpeza das zonas de uso público e

común e promóvese o tratamento dun biorresiduo (que segundo a Lei 22/2011, de xullo de 2011 defínese como: “residuo biodegradable de xardíns e parques, residuos alimenticios y de cocina procedentes de fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva e establecementos de venta ao por menor, así como residuos comparables procedentes das plantas de procesado de alimentos”) o cal permitiría cerrar o ciclo natural, pasando de ser un residuo a un abono natural.

O presente regulamento ten por obxecto establecer as condicións de funcionamento do servizo da planta de compostaxe e recollida de biorresiduos.

As instalacións actuais da planta de compostaxe son adecuadas para o tratamento dos restos biodegradables de parques e xardíns realizado ata o momento, aínda que mediante unha adecuada xestión empresarial preténdese optimizar o proceso e amplialo á xestión dunha fracción dos residuos orgánicos xerados no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos .

ARTIGO 2. Definicións

Aos efectos do presente regulamento enténdese por:

- **Planta de compostaxe:** instalación na que se efectúa a recepción e acumulación de biorresiduos que mediante o proceso de transformación adecuado convértense en compost.
- **Compost:** enmenda orgánica obtida a partir do tratamento biolóxico aerobio e termófilo de residuos biodegradables recollidos separadamente.
- **Biorresiduo:** residuo biodegradable de parques e xardíns, residuos alimenticios e de cociña procedentes de fogares, restaurantes e servizos de restauración colectiva.
- **Reciclaxe:** a transformación dos residuos, dentro dun proceso de produción, para o seu fin inicial ou para outros fins, incluída a compostaxe.

ARTIGO 3. Obxectivos

Os obxectivos principais deste servizo son os seguintes:

- **Fomenta-la recollida selectiva dos biorresiduos, a utilización de materiais reciclados e a súa posta no mercado.**
- **Aproveitar mediante un proceso industrial unha fracción dos residuos urbanos totalmente biodegradable para transformala en abono.**
- **Utiliza-lo compost producido a partir dos biorresiduos no sector agrícola, en xardinería ou en rexeneración de áreas degradadas en substitución doutras emendas orgánicas e fertilizantes minerais.**

- Evita-lo vertido destes residuos en colectores non adecuados e as queimas dos mesmos.
- Promove-la integración de programas de educación ambiental en materia de residuos co fin de promover a colaboración da cidadanía para a redución e valorización dos residuos.

ARTIGO 4. Responsabilidade

A empresa xestora está obrigada a obter todas autorizacións e rexistros que sexan necesarios das administracións públicas para levar a cabo a actividade e cantas operacións accesorias o requiran.

Esta empresa adquire a titularidade dos residuos tratados na planta que destinará á produción de compost de calidade baixo o cumprimento da normativa específica nesta materia, e ademais deberá asegura-la adaptación deste produto final á evolución dos requisitos impostos pola normativa vixente e as esixencias do mercado existentes en cada momento.

ARTIGO 5. Prestación do Servizo

Para o funcionamento do servizo terase en conta que:

1. Na planta de compostaxe recibiranse e trataranse os seguintes residuos:
 - Restos vexetais procedentes do mantemento e conservación de estradas, equipamentos dotacionais, zonas verdes e espazos libres no municipio do Barco.
 - Restos vexetais procedentes do mantemento de fincas e xardíns de titularidade privada situados no municipio do Barco
2. Realizarase a recollida porta a porta dos residuos orgánicos xerados no municipio do Barco procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos habilitando para elo os colectores necesarios que se recollerán coa periodicidade que se estime oportuna para evitar problemas de salubridade.
3. En ningún caso se admitirán residuos perigosos de orixe industrial.

TÍTULO II. IDENTIFICACIÓN DE RESIDUOS E XESTIÓN

ARTIGO 6. Tipoloxía dos biorresiduos

Dentro da fracción de vexetais (restos de xardinería) son recomendables: restos de poda, herba de xardín, palla, follas, maleza, algas, flores e restos de plantas.

Dentro da fracción dos residuos orgánicos xerados no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos diferéncianse as seguintes tipoloxías de residuos:

1. **Materiais recomendables para compost pola súa rapidez de descomposición:** restos de pan, mondas de patacas, froita, verdura, pousos de café, infusións e cáscaras de ovo.
2. **Materiais non recomendables:** carne e peixe, derivados do leite, alimentos que conteñan graxas, restos de aspiradora, mariscos, panos e papeis de cociña, la e fío natural, tapón de cortiza, restos de cereais e ósos de froitas.
3. **Materiais non utilizables:** excrementos, restos inorgánicos, plástico, vidro, cristal, papel e cartón, restos de aluminio, materiais orgánicos con sustancias contaminadas, cinza, cueiros, tecidos sintéticos, materiais non orgánicos e residuos perigosos.

O xestor da planta de compostaxe pode decidir reducir ou ampliar a lista de materiais recomendables sempre que a produción do compost se axuste aos estándares de calidade marcados pola normativa.

ARTIGO 7. Formas de recollida dos biorresiduos

Os restos de xardinería e podas poderán levarse durante o horario de apertura da planta tanto polo persoal de xardíns do Concello do Barco de Valdeorras como polos particulares do municipio.

Os residuos da fracción orgánica xerados no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos serán recollidos pola empresa xestora baixo un estrito control na selección do material recollido e nas pesadas do mesmos antes da entrada na planta de compostaxe.

ARTIGO 8. Xustificantes da pesadas

A empresa xestora da planta ten a obriga de presentar ante o Concello do Barco a xustificación do peso dos residuos da fracción orgánica recollidos no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos a través de tiquets procedentes dunha báscula. Pesaranse exclusivamente os residuos da fracción orgánica recollidos no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos.

No sistema de control de pesadas implantado deben quedar claras as características técnicas da báscula de pesaxe, a información que recollerá documento que recolla as pesadas (vehículo, data, hora, pesada...) e a documentación acreditativa do correcto calibrado da máquina.

O concello poderá inspeccionar en calquera momento a correspondencia da fracción orgánica pesada co especificado nos tickets da báscula, podendo recoller das entidades colaboradoras na

recollida selectiva a información necesaria para verificar a cantidade de residuos recollidos polos responsables da planta.

ARTIGO 9. Descrición das instalacións

Na actualidade a planta localízase nunha parcela de 2.774,30 m² e consta das seguintes partes: unha zona con cuberta para almacén e garaxe, unha fosa de lixiviacións, a caseta ca electro-bomba, unha balsa de auga e unha zona en terra diferenciada en catro partes (todas a ceo aberto): a zona de amoreamento de restos vexetais, a zona de fermentación, a zona de maduración e xa no final do proceso unha zona de amoreamento de afino. Asemade, tamén dispón dun cerre do contorno e dun sistema de rega que permite te-la zona en condicións para o traballo e evita a aparición de incendios.

A modo indicativo a planta conta coa seguinte maquinaria:

- Trituradora móbil accionada mediante tractor (Pezzolato, S7000)
- Volteadora móbil accionada mediante toma de forza de tractor (Pezzolato, PRT 2500)
- Cribadora móbil accionada con motor eléctrico (Pezzolato, Rotovaglio L3000)

ARTIGO 10. Funcionamento e xestión

A xestión da planta inclúe tódolos procesos relativos ó funcionamento desta para acadar un produto final de calidade que cumpra cas condicións marcadas pola normativa, desde a admisión na propia planta de restos de xardinería ou recollida do material in situ de residuos da fracción orgánica, ó control do proceso de compostaxe, e á comercialización do compost.

Inclúe o servizo de recollida dos residuos porta a porta da fracción orgánica xerados no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos. Este será un servizo aplicable a centros que expresen o seu interese en participar no proxecto e que fagan unha separación axeitada dos restos de cociña para producir compost baixo a supervisión da empresa xestora da planta.

Será responsabilidade da empresa xestora o mantemento completo da edificación, vías interiores, alumeado interior, saídas de augas pluviais e residuais, cerramentos exteriores e cantos elementos integran na actualidade a infraestrutura e os que se instalen nun futuro.

Tendo en conta que este é un proxecto experimental, o sistema de xestión previsto neste regulamento poderá ser modificado se o funcionamento da planta non é o adecuado en canto a produción e venta do compost, características de salubridade e coidado medioambiental. Esta modificación farase sempre baixo a autorización do concello.

A xestión da planta de compostaxe débese facer conforme ás seguintes especificacións:

1. Á entrada do recinto, o persoal da planta informará ós usuarios sobre o lugar para realizar o depósito dos restos de xardinería, e se fose preciso colaborará no depósito dos mesmos.
2. Todas as entregas por parte dos usuarios serán anotadas polo persoal da planta nun libro de rexistro para control interno no que deben constar: verificación do residuo, tipo e cantidade que se deposita, identificación do usuario, teléfono de contacto lugar de residencia do mesmo e data de entrada dos residuos na planta.
3. A circulación no interior da planta farase respectando as quendas de entrada.
4. O acceso a planta estará totalmente prohibido a todo aquel que non faga a achega de residuos. Tamén se prohibirá a recuperación de materiais no interior das instalacións de calquera forma que non sexa a prevista no funcionamento da planta de compostaxe, sen a debida autorización.
5. Do mesmo xeito o persoal da planta deixará constancia dos seguintes datos: destino e data de retirada do produto final comercializado, número de visitas diarias, opinións dos usuarios, incidencias e reclamacións. Todos os datos quedan, en todo caso, sometidos ás normas xerais de protección de datos persoais, sen que os mesmos podan ser utilizados para outros fins que os propios do servizo. O Concello de O Barco poderá acceder a estes datos sempre que o estime conveniente co fin de levar un control estatístico do funcionamento da planta.
6. A empresa xestora realizará a comercialización do produto xerado de tal xeito que se garanta a suficiente rotación para que non existan zonas de almacenamento estacional na planta do compost.
7. A empresa xestora facilitará ó concello un informe anual completo da xestión, aportando propostas de actuación que poderían mellorar o funcionamento da planta e facendo as observacións que consideren oportunas. Toda a documentación xerada durante a explotación desta planta deberá ser arquivada (en formato papel e dixital) por un período de cinco anos.
8. O persoal da planta emitirá, a petición do usuario que o solicite, un xustificante de recepción dos residuos admitidos nas instalacións.
9. A comunicación e a sensibilización ambiental son elementos que se deben ter en conta na xestión da planta.
10. A empresa xestora deberá aplicar na prestación dos seus servizos criterios de salubridade, ambientais e de seguridade e hixiene no traballo que estean marcados pola lexislación vixente.

11. É responsabilidade da empresa xestora da planta a seguridade dos usuarios alleos á mesma que accedan para o depósito de residuos.
12. Os servizos técnicos municipais do Concello do Barco poderán revisar, sempre que o consideren preciso e sen previo aviso, o estado das instalacións, rexistros de funcionamento e o cumprimento de tódalas normas vixentes aplicables.

ARTIGO 11. Horario

A empresa xestora determinará o horario de apertura da planta de compostaxe. Este horario será fixado en función das necesidades de funcionamento das instalacións e será comunicado á poboación.

A periodicidade de recollida dos residuos da fracción orgánica xerados no municipio procedentes da separación selectiva en orixe de residuos urbanos serán recollidos nos centros produtores dos mesmos pola empresa xestora segundo necesidades do servizo.

TÍTULO III. OBRIGAS E PROHIBICIÓNS

ARTIGO 12. Taxa por entrega de biorresiduos

Particulares: non se establece unha taxa por entrega de residuos na planta de compostaxe.

Restos de xardinería de zonas verdes municipais: o servizo de xardinería do concello transportará este tipo de residuos ata a planta de compostaxe estando este servizo exento de taxa de entrada.

ARTIGO 13. Prohibicións dos depositantes de biorresiduos

Prohíbense os seguintes aspectos:

- Depositar residuos non procedentes nesta norma.
- Deposita-los biorresiduos mesturados con outros residuos.
- Depositar residuos fora do lugar especificado.
- Ocultar residuos de carácter perigoso mesturados.
- Abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións.

TÍTULO IV. INFRACIÓNS E SANCIÓNS

ARTIGO 14. Infraccións

Constitúen infracción administrativa en relación cas materias reguladas no presente Regulamento as seguintes:

Infraccións leves:

1. Depositar calquera outro tipo de residuo que non se atope establecido neste regulamento.
2. Depositar os residuos permitidos para o compost mesturado con outros residuos non permitidos.
3. Depositar residuos fora do lugar especificado ou determinado para tal uso.
4. Calquera infracción do establecido neste regulamento que non este tipificada como grave.

Infraccións graves:

1. Abandono de residuos de calquera tipo na porta das instalacións da planta.
2. Ocultar e depositar residuos de carácter perigoso.
3. A actuación de xeito contrario ó establecido neste regulamento, sen que supuxese un perigo grave ou un dano á saúde das persoas ou se provocase un dano ou un deterioro grave para o medio ambiente.
4. O abandono, vertido ou eliminación incontrolado de calquera tipo de residuos non perigosos sen que puxese en perigo grave a saúde das persoas ou que produxese un dano ou deterioro grave para o medio ambiente.
5. A obstrución da actividade de vixilancia, inspección e control do concello do Barco.

Infraccións moi graves:

1. Unha perturbación relevante da convivencia que afecte de xeito grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas en relación co servizo, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase do servizo conforme coa normativa aplicable ou á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non subsumibles nos tipos previstos no capítulo IV da Lei 1/1992, de 21 de febreiro, de Protección da Seguridade Cidadá.
2. O impedimento do uso do servizo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.
3. O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento do servizo público.
4. Os actos de deterioro grave e relevante dos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos da planta de compostaxe.
5. O impedimento do uso do espazo público preciso para a realización do servizo por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

6. Os actos de deterioro grave e relevante dos espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmoables, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.

ARTIGO 15. Potestade sancionadora e Sancións

O exercicio da potestade sancionadora por parte do Concello do Barco de Valdeorras, requirirá a incoación e instrución do correspondente expediente, de conformidade cas disposicións legais e regulamentarias. As infraccións as que se refire o artigo anterior poderán dar lugar á imposicións das seguintes sancións:

- Para infraccións leves: multa de 100 a 750 euros.
- Para infraccións graves: multa de 751 a 1.500 euros.
- Para infraccións moi graves: multa de 1.501 euros a 3000 euros.

En todo caso, con independencia das sancións que puideran impoñerse, deberá o infractor restablecer a deficiencia ou a infracción ó seu estado orixinal e resarcir-las danos e perdas irrogados.

As sancións graduaranse atendendo a:

- Grado de intencionalidade
- Gravidade do dano producido
- Grado de malicia, participación e beneficio obtido
- Irreversibilidade do dano producido
- Categoría do recurso afectado
- Natureza do residuo
- Reincidencia
- Perigo para a saúde e integridade das persoas, animais e bens

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor ós quince días hábiles a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

4.- Criterios de contratación:

Con base no antedito, propoñese os seguintes criterios para a elaboración dos PREGOS DA CONTRATACIÓN DA PLANTA:

Primeiro.- Obxecto e finalidade

O que se pretende é contratar-la explotación, a risco e ventura do licitador da explotación, mediante xestión indirecta, dunha planta municipal de compostaxe de residuos vexetais, por un prazo máximo de dez anos, momento no que estes bens inmoables reverterán ó Concello do Barco de Valdeorras en perfecto estado de uso e funcionamento e libres de cargas e gravames.

Segundo.- Requirimentos mínimos

O licitador estará obrigado a facer un produto que teña consideración de compost, baixo o cumprimento da normativa específica en esta

materia, como por exemplo: Lei 22/2011, de 28 de xullo de 2011, de residuos e solo contaminados, Regulamento CE 1488/97 da comisión de 29 de xullo de 1997 do consello sobre a produción agrícola ecolóxica e as súas indicacións e Decreto 98/488/CE: decisión da comisión de 7 de abril de 1998 pola que se establecen os criterios ecolóxicos para as emendas do solo, e do BOE 131 de 2 de xuño de 1998, pola que se establecen os límites máximos legais para comercializar compost... e ademais deberá asegura-la adaptación deste produto á evolución dos requisitos impostos pola normativa vixente e ás esixencias do mercado, existentes en cada momento durante os próximos 10 anos.

Asemade, deberá asegura-la recepción de residuos de poda e xardinería xerados nas labores de limpeza e mantemento de zonas públicas municipais e das particulares procedentes única e exclusivamente do termo municipal do Barco de Valdeorras. Dada a necesidade doutro tipo de materia orgánica, asegurará tamén a recollida de biorresiduos procedentes da recollida selectiva (residuos orgánicos domiciliarios, de colexios, restaurantes...).

Para levar a cabo todas estes requisitos obrigatorios deberá asegurar o subministro dos medios materiais (colectores de proximidade, camións de recollida, maquinaria de explotación...) e do persoal necesario, así como a ampliación ou a mellora das instalacións existentes que sexan necesarias para o correcto funcionamento e explotación desta planta de compostaxe. En relación á recollida de materia orgánica, que promova o licitador deberá levarse a cabo ou a través de medios propios ou alleos, non obstante recibirá puntuación o feito de que se realice a través dalgunha asociación de discapacitados local, ou mediante a contratación directa de persoas discapacitadas, cara a facilitar a súa integración laboral e social.

Asemade, o adxudicatario deberá asegurar a comercialización do produto xerado de tal maneira que garanta a suficiente rotación na planta, e non se empreguen as zonas de almacenamento estacional como zonas de almacenamento de stocks. Para elo debería presentar un plan de comercialización do produto final, o cal puntuarase en función da súa a calidade e dos resultados do estudo de custos e ingresos, que recolla dito plan.

Terceiro.- Tipo de licitación

O tipo de licitación será o correspondente ó 60 % sobre o prezo actual de SOGAMA no momento da presentación das ofertas ó procedemento de contratación. Polo que o licitador ofertará por debaixo do tipo de licitación o prezo a recibir por parte do Concello das toneladas de materia orgánica que recolla selectivamente e en consecuencia retire do circuíto de residuos sólidos urbanos. O licitador presentará as

liquidacións das pesadas de maneira trimestral, xustificando as toneladas recollidas mediante tickets procedentes da báscula.

Cuarto.- Criterios obxectivos de valoración para adxudicación

Ós efectos da adxudicación valorarase como un criterio obxectivo, a baixa sobre o valor tipo de licitación que presente cada un dos ofertantes sobre o prezo unitario que determinará a subvención que aportará o Concello. Concedéndolle a este criterio un valor máximo de 20 puntos, asinándolle a puntuación máxima ó licitador que oferte a maior baixa (en %) respecto ó prezo máximo de licitación e, a os demais, a puntuación que lle corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$Puntuación = \frac{Baixa \text{ (en\%)} \text{ do importe suvencionable ofertada} \times 20 \text{ puntos}}{\text{maior baixa ofertada}}$$

Quinto.- Criterios subxectivos de valoración para adxudicación

Os criterios que servirán de base de valoración para adxudicación deste contrato, serán de tipo técnico, educativos e melloras. Estes pondéranse en función da súa importancia, concedéndolle un máximo de 15 puntos, repartidos da seguinte maneira:

- **Criterios de tipo técnico:** Baixo estes criterios encadraríase a valoración por unha banda dunha memoria técnica e por outra banda das diferentes melloras que se oferten. Quedando distribuída a puntuación da seguinte maneira:
 - Valorarase de cero a nove puntos como máximo os contidos da memoria técnica que presenten, asignando a seguinte puntuación por cada un dos apartados que se mostran a continuación:
 - **Proxecto de explotación (0-4 puntos):** Este proxecto deberá incluír como mínimo os seguintes contidos:
 - ✓ Obxecto da explotación e conceptos xerais
 - ✓ Descrición da metodoloxía e proceso de compostaxe (descrición da materia prima, liña de procesado, rendementos de produción, calidade do produto obtido, cronograma de implantación do proceso, temporalización das diferentes etapas do proceso...)
 - ✓ Descrición da tipoloxía segundo a orixe dos residuos, que se pretenden empregar no proceso de compostaxe: orgánicos de orixe domiciliario, procedente de colexios, bares, hospitales, residuos de podas e xardinería, forestal, lodos de depuradora...
 - ✓ Descrición e xustificación da tecnoloxía e maquinaria necesaria para a explotación desta planta de

- compostaxe: características técnicas da maquinaria de nova adquisición, función de cada máquina no proceso, consumos previstos, plan de mantemento e reparacións e garantía dos equipos.
- ✓ **Descrición e dedicación dos medios materiais e humanos que sexan necesarios incorporar para a explotación diaria do sistema proposto. Este deberán xustificarse con base nas cantidades que se pretenden xestionar e os tempos de operación previstos na explotación.**
 - ✓ **Descrición do sistema de control de pesadas e medios necesarios para a súa implantación (características técnicas da báscula de pesaxe, documento que recolla as pesadas, documentación acreditativa do correcto calibrado da maquinaria...)**
 - ✓ **Procedementos de aseguramento da calidade do compost obtido**
- **Plan de comercialización (0-1 punto): Este plan deberá incluír como mínimo os seguintes contido:**
- ✓ **Balance de masas que recolla, en peso, as entradas de material fronte as saídas de produtos.**
 - ✓ **Estudo de custos da actividade: co que se pretende valora-los custos que vai xerar esta actividade, telos en conta para fixar prezos de venda ou determinar un prezo mínimo e por último analizar e controla-la rendibilidade da futura actividade.**
 - ✓ **Análise de viabilidade técnica, legal, comercial, económica-financeira e organizativa, que permita verifica-la viabilidade económica do proxecto. Incluírá un balance provisional que proporcione unha fotografía da situación económico-financeira do negocio no futuro. Estudo do proxecto de inversión con base no Valor Actual Neto (VAN) e a Taxa Interna de Retorno (TIR).**
- **Plan de integración social (0-2 puntos)**
- ✓ **Valorarase as diferentes propostas de integración social que se presenten: asignarase unha maior puntuación canto maior sexa a número de persoas discapacitadas físicas que se integran no proxecto. Puntuarase de tal maneira que a proposta que recolla o maior número de persoas discapacitadas**

- físicas recibirá a maior puntuación 2 puntos e á inversa recibirá 0 puntos.
- Programa de vixilancia ambiental (0-1 punto) que debe incluír, como mínimo:
 - ✓ Determinar posibles impactos que poidan xera-la actividade de produción de compost.
 - ✓ Determinar medidas preventivas, compensatorias y correctoras, que axuden a mitigar ou minimizar os impactos.
 - ✓ Incluír un plan de vixilancia ambiental, que recolla:
 - Medida correctora á que fai referencia
 - Indicadores de seguimento desa medida
 - Método de control (frecuencia de medida, puntos de mostraxe fixos e sistemas de medición)
 - Medidas de urxencia
 - Formación necesaria por parte da persoa que realizará o control
 - Plan de seguridade e saúde (0-0,5 puntos)
 - ✓ Elaborarase unha proposta na que se describan os principais riscos laborais asociados á explotación e as medidas de prevención correspondente.
 - Plan de emerxencias (0-0,5 puntos)
 - ✓ Os licitadores deberán aportar un plan de prevención de incendios e outras emerxencias, que estableza o protocolo de actuacións a realizar fronte ás posibles situacións anómalas ou atípicas que poidan producirse na prestación deste servizo.
- Melloras: Baixo este criterio concederanse de 0 a 4 puntos, repartíndose da seguinte maneira:
- Concederase de 0 a 2 puntos en función do número de melloras que se presenten, pero que a maiores o fin polo que se propón cada unha das melloras sexa necesario para poder realizar a explotación desta planta. De tal xeito, que realizarse unha proporción, dándolle dous puntos o maior número de melloras que sexan tecnicamente viables e necesarias para levar a cabo a explotación e cero puntos o que presente o menor número de melloras presentadas e necesarias para a explotación. Polo que a valoración das ofertas con un número de melloras intermedio obterase de facer a correspondente

proporción, por exemplo: se catro melloras reciben un punto, e o ofertante presenta dúas melloras, recibirá unha puntuación de 0,5 puntos. É importante concretar que anularanse aquelas melloras que non se consideren necesarias para a explotación desta planta.

- **Asemade, concedéranse de 0-2 puntos a calidade técnica:**
 - por un lado, do proxecto construtivo no caso das melloras relativas a obras, e por outro da memoria técnica no caso de que as melloras se enfoquen a realización dunha actividade ou a adquisición dun ben ou inmovible.
 - ✓ **Proxecto construtivo (0-1 punto):** Os proxectos de execución deberán reunir tódolos documentos necesarios para a súa realización (memoria, planos, anexos, prego de prescricións ...) e estes sexan tecnicamente e legalmente correctos e viables para unha correcta execución das obras (a xuízo dos servizos técnicos municipais). Deberá incluí-la xustificación da necesidade de realizar esta obra para poder levar a cabo unha correcta e óptima explotación desta planta de compostaxe.
 - ✓ **Memoria técnica (0-1 punto):** Descrición da actividade que se propón como mellora, descrición das características do ben ou inmovible, garantías, xustificación da necesidade de realizar estas melloras para poder levar a cabo unha correcta e óptima explotación de esta planta.
- **Criterios de tipo educativo:** Asígnase a estes criterios un valor máximo de dous puntos, repartidos da seguinte maneira:
 - **Criterio obxectivo (0-1 punto):** Valorarase, ata un punto como máximo á proposta que oferte o maior número de campañas de sensibilización orientadas a diferentes sectores sensibles da poboacións e sustentadas en criterios razoados e xustificadas.
 - **Criterio subxectivo (0-1 punto):** Neste criterio valorarase a calidade técnica das campañas de sensibilización propostas, ata un máximo de un punto. Esta valoración realizarase, previo informe dos servizos técnicos, atendendo os seguintes criterios:
 - **Contidos das campañas de sensibilización (os contidos do programa educativo, ¿que é o que se quere dicir ou transmitir?)**

- **Metodoloxía da posta en marcha das campañas (medios materiais e humanos, ¿como se vai a levar a cabo?)**
- **Organigrama das actuacións (a programación)**
- **Cualificación e experiencia do equipo profesional que desenrolará os traballos**

1.2 Actuación definida no proxecto *Mellora eficiencia enerxética no polígono industrial do Barco de Valdeorras*.

Di o Sr. Alcalde que presenta este asunto o grupo de goberno e que como xa explicou aos voceiros onte, convocouse pola Consellería de Industria unha subvención para actuacións nos polígonos industriais da comunidade e unha das posibles actuacións subvencionadas son os proxectos de aforro enerxético. Neste caso, di o alcalde, pretenden presentar un proxecto para cambiar as luminarias do polígono por leds, que suporían un aforro importante, ao redor do 70% practicamente. Prosegue dicindo o alcalde que a propia Orden reguladora da subvención di que un dos requisitos indispensables para solicitala é que se acorde polo Pleno a solicitude da subvención, polo tanto como o Pleno se celebra hoxe, sométese a acordo antes de que o proxecto definitivo estea rematado. Di o alcalde que onte había un proxecto de 100.000€ e que onte mesmo pola mañá falando cos técnicos da Consellería nos dixeron que a pretensión do Concello, que era facer un proxecto no que estivera desglosado por unha banda os materiais e por outra banda a man de obra, non era a que pode ter mellor acollida polo que só se vai incluír a subvención dos materiais, posto que a man de obra a pode poñer o Concello, polo que se vai pedir, di o alcalde, menos subvención o que fai que teña o proxecto máis posibilidades de ser subvencionado. Di o alcalde que onte a última hora á Técnica de Medioambiente dende a Consellería lle dixeron que non se podía meter man de obra nin xustificar por administración a man de obra. Prosegue o alcalde dicindo que hai outro apartado que ao seu xuízo, non sabe con qué criterios se puxo e lle parece ridículo, polo que non se puntúa máis ao mellor proxecto se non ao máis barato, co que tampouco nos interesa un proxecto moi caro porque teríamos poucos puntos por esa vía e polo tanto estaríamos en peores dificultades, e que cre que o lóxico sería valorar os proxectos no seu conxunto e non en función do custe. Por iso, di o alcalde, que hoxe pola mañán mandaron outra copia do proxecto pero aínda trae determinadas partidas de man de obra, polo que non vai ser o definitivo, que ten un presuposto de 96.000€, e que el calcula que, segundo o falado co técnico que o está a facer quedará sobre os 80.000€ aproximadamente, porque son máis de oitenta luminarias e os reguladores e unha serie de materiais que

son imprescindibles ao cambiar de vapor de sodio á tecnoloxía leds, pero que en calquera caso se lle conceden ao Concello a subvención cre que sería unha boa noticia porque esas luminarias despois, con posterioridade, sempre quedarían para avarías, para roturas, para poñer en algúns sitios novos onde se puideran poñer con unhas lámpadas máis pequenas, en lugares onde non fora precisa tanta luz coma no Polígono.

Di que a proposta que se trae ao Pleno sería solicitar ao abeiro da Orde do 3 de abril de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encamiñadas á rehabilitación e mellora dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia, etc. etc., subvención para a execución da actuación definida no proxecto “Mellora eficiencia enerxética no Polígono Industrial do Barco de Valdeorras” que contén a memoria técnica xustificativa da solicitude da subvención e acometer a actuación solicitada. Facultar ao alcalde-presidente para a realización de todas as actuacións precisas e esixidas na normativa reguladora da subvención para a realizar a solicitude e obter a concesión da subvención a que se refire o apartado 1º deste acordo e dar conta á comisión informativa correspondente na primeira sesión que se celebre.

Prosegue o alcalde que o acordo é simplemente eso, aprobar a petición desta subvención e que continuarán cos trámites, para os que aínda temos practicamente máis de 15 días.

Sometida a votación ordinaria a urxencia esta se acorda por unanimidade dos dezasete concelleiros asistentes ao Pleno.

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo, quen unha vez concedida, fai uso dela para dicir que se trata dun tema que coñecen polas explicacións do alcalde, que lle acaba o alcalde de mostrar, que o seu grupo político está a favor de calquera tipo de iniciativa que supoña subvencións e inversións para o noso Concello, e que tomando unha das frases que dixo o alcalde, para o polígono non é que se precise moita luz desgraciadamente, porque está practicamente baleiro. Di o voceiro que desexa que se precisara moita luz e que o seu grupo vai votar a favor de que se inicie este expediente para solicitar a subvención, pero que tamén quere facer unha reflexión no sentido de que ao seu grupo si lle preocupa canto vai ser a contía da subvención e canto vai ser a parte final que lle corresponde ao Concello, porque nestes intres, di o concelleiro, hai que facer unha boa planificación e desde logo determinar ben que subvención se quere coller e cales non se queren coller. Di o voceiro que desexaría que esas subvencións foran máis alá para ter un solo industrial máis atractivo para poder abaratalo e a ver si así algunha empresa puidera vir para o noso polígono e xerar emprego, e

que por eso di que é investir unha serie de cartos importantes e que, cando se saiba o custe final para o Concello, lle gustaría volver a debatir sobre elo para establecer perfectamente as preferencias, porque di que quere insistir en que non se trata de gastar por gastar. Para rematar di que o seu grupo está a favor de que se solicite esa subvención pero lles gustaría que fora para iluminar un polígono cheo de empresas.

Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves, quen unha vez concedida fai uso dela para dicir, que o seu grupo está a favor da petición da subvención, e que tamén lle pide ao goberno municipal que unha vez por todas se centre e fixe un pouco a súa liña política no eido do aforro enerxético sen dar paos de cego, que se ten falado moitas veces nas Comisións desto, e que non levo tanto tempo como concelleiro e que se gastaron cre que 60.000 euros nun estudo dun aforro enerxético e a empresa o que veu dicir é que había que apagar as luces, cousa que, di o voceiro, tamén llo podía dicir el sen cobrar 60.000 euros. Prosegue dicindo que moitas veces teñen falado das luminarias leds nas comisións, que as luminarias leds son algo que ten unha tecnoloxía moi nova que non queren experimentar cando eu na Comisión xa lle informei que a iluminación led existe dende os anos 60, que se ten dito que ven de China, cando casi todas as luminarias que se poñen no estado español veñen de Guadalajara, non de China. Di que por un lado rexeitamos os leds, por outro lado poñémolos no polígono, que estamos probando con luminarias doutro tipo que probablemente dentro de cinco anos haberá que cambiar polo que pide que o goberno municipal fixe xa a súa liña política no aforro enerxético e teña esa liña política sempre, non dando paos de cego ao aire.

Fai uso da palabra o alcalde para dicir que na última reunión que tiveron fai quince días do Pacto Local, dende a Fegamp, cos conselleiros da Xunta, a súa petición foi moi clara, e consistiu en que se acaben as subvencións de concorrencia competitiva, e que todo ese diñeiro, vaia ao Fondo Local de Cooperación e que cada Concello saiba o primeiro de xaneiro canto lle vai a tocar ao longo do ano e polo tanto, que poda desenvolver as políticas que decida desenvolver, e que a meritada petición a reiterarei fai quince días ao conselleiro de presidencia, que presidía a reunión, e que esta petición ven de antigo nas reunións da Xunta coa Fegamp, pero que, di o alcalde, non se quere avanzar de forma decidida neste campo e que cada Consellería quere sacar as súas ordes e as súas subvencións e que esta subvención é para o que é e que se pode solicitar ou non e que de feito hai algunhas que xa nin as solicita o Concello xa que os concellos nestes momentos xa non concorren a todas as subvencións porque moitas delas non teñen maior beneficio e sen embargo si teñen un custe de cofinanciación que ten que facer sempre o

Concello, e que a el tamén lle gustaría que non houbera este tipo de axudas e que a principios de ano lles dixeran que en vez de 498.000 euros para o Fondo Local de Cooperación, ao Concello do Barco de Valdeorras lle correspondesen 900.000 euros cos que poderían elaborar políticas sen estar a expensas da orden de turno. Con respecto á intervención do voceiro do grupo municipal do BNG (mixto), o alcalde di que está absolutamente en desacordo, primeiro, porque di que non pagamos nunca 60.000 euros por ningún estudo enerxético, e que cre que foron ao redor de 12.000 euros e que ese estudo enerxético está e serve para o que serve. En segundo lugar o alcalde di que non están dando ningún pao de cego, que estamos bombardeados polas empresas que se dedican ao aforro enerxético cuns proxectos que son proxectos que non aportan nada, e o que están facendo é traballar en catro liñas o que se explicou, di o alcalde, perfectamente nas comisións, e que outra cousa é que non se queira entender ou que se utilicen as palabras que non se din, porque el –di o alcalde– tampouco dixo nunca de onde viñan os leds nin as luminarias, e que se alguén na comisión, fai un comentario e se toma como palabra de deus será a súa responsabilidade, e pide o alcalde que non se poña na súa boca que el dixo que a orixe das leds é na China aínda que, di o alcalde, desgraciadamente todo ven de China e que en iluminación todo tanto leds como non leds o que estamos facendo é pedindo cousas ás empresas para que nos aporten solucións e experimentalas para ao final decantarse en cada caso por aquela que sexa máis rendable para o Concello, pero, di o alcalde, sen que teña porque todo iluminarse con leds porque ademais os leds teñen un inconveniente que é que moitas das luminarias que ten O Barco de Valdeorras nestes momentos son novas e están en perfecto estado e a el lle parece un disparate e unha moi mala administración, retirar todas esas luminarias para poñer outras novas, o que sería, di o alcalde, unha moi mala administración dos diñeiros públicos e se estaría a tirar material novo que non nos vai comprar ninguén, e que polo tanto van a ver si se sitúan as cousas no seu sitio. Di o alcalde que repite o que explicou na Comisión de Obras que é que están traballando en catro liñas, baixo consumo, leds, porque así se entra nunha subvención tamén do INEGA, onde había que ir practicamente ou forzosamente a leds e aproveitando aquel proxecto agora xurde esta nova Orden e tamén nos vamos a leds, que tamén están utilizando haloxenuros e que cando lles manden os materiais o poñerán en marcha na rúa Conde Fenosa e cando teñamos todo esto enriba da mesa collerán os recibos, os compararán, verán, primeiro que a luz é suficiente e logo que se note realmente o aforro no recibo. Prosegue o alcalde dicindo que tamén hai outro camiño que están emprendendo e que é o de apagar luminarias e que xa se apagaron en dous puntos, que mañán se van a apagar noutro, que os dous apagados que fixeron ata agora funcionaron perfectamente, que non houbo queixas, que

mañán van a facer un apagado noutra zona, que van ir analizando tamén en qué zonas se poden ir suprimindo luminarias ou apagando bombillas e si eso funciona e hai luz bastante dende logo ese é o mellor aforro e o máis barato. Prosegue dicindo que van a dar máis ou menos este ano para facer todos estes experimentos, ir sacando consecuencias e logo camiñar por onde sexa máis rendale.

Sen máis intervencións, en votación ordinaria e por unanimidade dos dezasete concelleiros o Pleno acorda:

1º Solicitar ao abeiro da Orde do 3 de abril de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á rehabilitación e mellora dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede a súa convocatoria para o ano 2012 (DOG núm. 74 de 18 de abril de 2012), subvención para a execución da actuación definida no proxecto “Mellora eficiencia enerxética no Polígono Industrial do Barco de Valdeorras” que contén a memoria técnica xustificativa da solicitude da subvención e acometer a actuación solicitada.

2º Facultar ao alcalde-presidente para a realización de todas as actuacións precisas e esixidas na normativa reguladora da subvención para a realizar a solicitude e obter a concesión da subvención a que se refire o apartado 1º deste acordo.

3º Dar conta á comisión informativa correspondente na primeira sesión que se celebre.

1.3 Moción presentada polo grupo municipal do P.P. relativa a “Construcción dunha nave municipal”.

Di o Sr. Alcalde que hai una Moción do grupo municipal do P.P. sobre a construción dunha nave municipal.

Acórdase, en votación ordinaria, a urxencia do asunto por unanimidade dos dezasete concelleiros.

A moción, copiada literalmente di:

“Moción de urxencia que presenta el Grupo Municipal Popular:

CONSTRUCCIÓN DE UNA NAVE MUNICIPAL

Hace unos días hemos tenido conocimiento de que el Concello de O Barco tendrá que abandonar la nave que venía utilizando para guardar la maquinaria, útiles y mobiliario municipal situada en la calle Santiago Melo Pisón. Una nave, cuyo propietario había cedido su uso de forma gratuita, lo cual es de agradecer, pero que al mismo tiempo esta gratuidad convertía la cesión en una situación de carácter temporal.

Nuestro grupo ya propuso en mayo de 2008 que el Concello construyese la suya propia y que además de servir de almacén municipal, podría cumplir la función de depósito de vehículos.

Resulta más que obvio que un Concello como el nuestro deba tener su propia nave, pero ante la evidente falta de planificación nos hemos visto de repente “en la calle”. Y lo peor es la alternativa que parece que han decidido: utilizar las antiguas dependencias del matadero. Una decisión que no compartimos y que consideramos desacertada por el estado de deterioro en el que se encuentran, además de que ese solar había sido reservado para actuaciones de carácter social, entre otras.

Por todo lo anteriormente expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente acuerdo:

- El Concello de O Barco se compromete a iniciar las gestiones para la construcción de una nave municipal para el depósito de sus vehículos, maquinaria y diverso material.”

Concédeselle a palabra ao voceiro do grupo municipal do P.P., que fai uso dela para dicir que quere preguntarlle ao Sr. Alcalde, se nunha próxima comisión lles pode explicar un pouco que procedemento se vai seguir en canto á presentación de mocións, e que eles á vista da orde do día están un pouco perdidos, porque aínda que antes as moción eran por urxencia constaban na propia orde do día, e que el hoxe non sabía cal era a primeira ou a segunda.

O sr. alcalde di que todo o que estea o día que se convoque o Pleno que teña entrada no Concello, irá na orde do día.

Pregunta o sr. Blanco Paradelo se vai ser preciso que sexan informadas nas comisións informativas ao que o alcalde responde que non e que as mocións do seu grupo cre que as presentou o luns, data na que xa estaba convocado o Pleno, polo que non poden estar na orden do día, que é o que pasou co tema que acaban de ver, o proxecto da subvención de aforro enerxético, que non estaba cuando se convocou rematado e que a súa intención era que na Comisión de Medio ambiente se tratara e se dictaminara ao igual que o da

planta de compostaxe polo que se deixou fóra, pero a intención é que todo o que se saiba veña na orden do día para que todos saiban os temas que vamos a tratar.

Prosegue o sr. Blanco Paradelo dicindo que a súa interverción fixoa ao fio de que fai tempo falaran dalgunha recomendación da normativa de que as mocións tamén tiñan que pasar polas comisións, como sucedía na Deputación e que quería saber si había algún cambio en canto ao funcionamento.

O sr. Alcalde di que se está con tempo se debate, pero que o procedemento vai ser o mesmo, é dicir, as mocións que se presente se debaten, veñan cando veñan.

O sr. Blanco Paradelo di que querían comentar que fai uns días tiveron coñecemento de que o Concello do Barco de Valdeorras tiña que abandonar a nave que está situada na rúa Santiago Melo Pisón, que esa é unha nave que leva sendo cedida dende fai moitos anos ao Concello, non sei si nove, dez ou once, incluso máis e que é unha nave que evidentemente foi cedida con carácter gratuito, que hai que agradecerlle, desde logo, ao propietario que fixo esa cesión, pero que ó mesmo tempo esta cesión, pola súa gratuidade, a convertía nunha situación de carácter temporal. Di o voceiro que era unha nave, que pensa que están todos de acordo, que xa non estaba nunhas condicións de mantemento de modo aceptable, e que por iso xa no ano 2008, no mes de maio, con motivo do debate de presupostos, fixeran unha proposta para que o Concello aplicase unha partida e pensase xa en construír a súa propia nave, que tamén servira de almacén municipal e, naqueles momentos que acababa de implantarse o servizo da ORA, tamén como depósito de vehículos, tanto para os que levara a grúa como para vehículos municipais, que naquel momento díxose que non era prioritario, que non facía falta, que de momento estaba esa, que estaba céntrica e que estaba ben, pero que eles pensan que non era así, que lle parece lóxico e razoable que un Concello do tamaño como o do Barco de Valdeorras, con toda a maquinaria que ten, vehículos, etc. debe ter a súa propia nave, para que non exista ningún tipo de inconvinte para que os seus materiais, vehículos e demais estén onde teñen que estar mentras non son utilizados en horario de Concello. Di que deidiu o equipo de goberno que non era preciso e que agora se dixo na rúa que en cuestión dun prazo de moi poucos días o concello non podería usar a actual nave. Di que tamén se di cal é a alternativa que se vai empregar e que lamenta que o alcalde non dera conta a nivel político nunha comisión e que tiveran que enterarse de todo na rúa. Di que tiveron coñecemento que a alternativa é usar as naves do matadoiro

e que, por unha banda, de confirmarse esto, lle parece non están nun estado de conservación adecuado, e que xa debatiron no seu momento cal era o estado abandonado e condicións nas que se atopan, e por outra banda que sempre que falan dese solar, despois de facer os plans urbanístico lle correspondería un uso de carácter social, e que incluso se falou nalgunha moción de que tería un carácter social, e que polo tanto, di o voceiro, ven que vai a ser un parche, que se vai dun sitio para ir a outro, para que dentro dunha tempada teñamos que ir a outro, polo tanto nós consideramos que é importante que o Concello faga a súa previsión, que empece a traballar xa nun pequeno proxecto para poder ter a súa propia nave e propoñemos o seguinte acordo. “O Concello do Barco se compromete a iniciar as xestións para a construción dunha nave municipal para o depósito dos seus vehículos, maquinaria e diverso material.”

Prosegue o concelleiro a dicir que quere recordarlle ao alcalde que froito do debate ao que antes se referiu, o alcalde dixo que cando se fixera a adxudicación do servizo de limpeza, unha das condicións era que a propia empresa ía a construír unha nave, pero que pensa que as dimensións son bastante reducidas e utilizarana eles e pouco máis, e que logo virá outra empresa ou seguirá esa, e polo tanto para o funcionamento diario do Concello en canto a provisión de material e distintos complementos pensamos que non é operativo. Di o concelleiro como conclusión do exposto que pensan que é importante que o Concello, como ten a maioría de institucións e entidades, teña o seu propio almacén e a súa propia nave municipal.

Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves, quen unha vez concedida, fai uso dela para dicir que no solar onde estivo o matadoiro municipal é onde máis palpable se fai a política de provisionalidade e de parcheado que tanto lle gusta ao goberno municipal. Prosegue dicindo que en trece anos de goberno non foron quen de buscar un proxecto axeitado para o que califica como mole afirmando que se cae sobre si mesma. Di o voceiro que o mesmo alcalde prometeu varias veces nun mitin que da cada catro anos na praza Gabino Díaz, varios proxectos, que algúns deles son eidos de ideas de bombeiro que hai que ter para ser quen de gañar as eleccións e que nunca cumpre, e que agora o alcalde dirá que as outras administracións non lle dan as subvencións ou que non hai cartos. Di que o seu grupo cre que xa son anos suficientes para dar unha solución á veciñanza dos Pedragais e das Cortes. Pide o alcalde que mire como aínda se di polo barrio mentiras como que chegan a crer que vai a humanizar definitivamente unha zona que a día de hoxe e dende hai moitos anos presenta un aspecto de abandono que non pasa desapercibido nin a nativos nin a forasteiros. Di que quizais lle diga que o Concello no pode correr cos custes dese gran proxecto social que

prometeu o alcalde e que agora a Xunta non lle está a favor e di que non para de recortar xusto nas políticas sociais. Pregunta o concelleiro ao alcalde se viu a ruína no interior do edificio e afirma que non sabe si pode albiscar as súas potencialidades, que quizais lle diga que o Concello non pode rehabilitar o edificio do antigo matadoiro para que O Barco de Valdeorras teña por fin un edificio para cultura, que integre un museo con fondos propios, como os de Valdearte, grande tesouro deste Concello e que, por certo, está espallado sen ter nin tan sequera un rexistro, un grande espacio cunha programación como merece esta vila, como merece ter O Barco non só pola cantidade de poboación senón pola localización xeográfica, e que sexa quen de incidir na afluencia turística por exemplo. Di o concelleiro que quizais tamén non saiban cómo xestionar un grande acordo entre administracións e empresas para crear nese edificio un referente para cultura, como están facendo moitas vilas e cidades coas ruínas industriais, pero que xa saben que eso da cultura ao alcalde dálle igual, nin forma parte da Comisión de Cultura, cousa significativa nun alcalde ao que lle gusta tanto controlalo todo de forma persoal. Di que quizais tampouco queira ou lle diga que non pode coa realización para facer un espacio para que podan estar as asociacións, e que entón será cando lle diga que están agardando para ter claro qué facer con este solar, pero mentres seguen pasando e pasan os anos. Prosegue dicindo que se lle permite vaise levantar e di que este é o aspecto que presenta o matadoiro hoxe en día, que supón que o coñecen ben e que non merece ser unha paisaxe típica do Barco e que está ademais no interior do casco urbano, di que semella un polígono industrial en Afganistán despois de caerlle a munición americana e que sigue así dende fai moitos anos. Prosegue dirixíndose á señora concelleira Mercedes Moldes, e dille que non é que esta situación sexa puntual e afirma que ninguén limpa. Di que sabe que o matadoiro está moi lonxe na rúa Virxe da Barxa, e di que non sabe si a concelleira sabe onde está, invitándoa a que se pase polo lugar para que vexa cómo aínda seguen os restos que deixou a constructora OCA na explanada do matadoiro e que ninguén o limpa agás a veciñanza do barrio que a limpa porque non queren que os nenos que xoguen alí se caian. Isto, di o concelleiro, está en pleno casco urbano e presenta un auténtico estado de abandono ao que por certo xa estamos acostumados os veciños e veciñas, pois é a tónica xeral, dicindo que se llo permite a presidencia quere levantarse para agasallar á concelleira responsable da limpeza viaria.

O sr. Alcalde fai uso da palabra para preguntar ao concelleiro Sierra Nieves si rematou a súa intervención ao que o concelleiro responde que non. O sr. Alcalde di que entón continúe e que se está a celebrar un pleno do Concello e que en principio os números teatrais deben ser os xustos. Prosegue dicindo

que evidentemente o concelleiro Sierra Nieves pode dicir o que queira e que está no seu dereito e que os demais concelleiros terán que escoitalo e decidirán se lle contestan ou non, pero esixe que non se leven acabo números teatrais, ordeando que respecte as normas e a orde porque o que acaba de facer, di o alcalde é un pequeno teatro e que non se preocupe que logo lle contestarán.

Prosegue o sr. Sierra Nieves dicindo que era un regalo para a concelleira e que noutras zonas como o camiño onde vive o propio alcalde no Serro, é o máis iluminado deste monte, e que ata se instalou unha fonte de pizarra que el supón que será para que beban os cadelos que andan soltos e que impiden o paseo libre e a circulación dos peóns. Di o concelleiro que a demais os Pedregais é un barrio completamente esquecido en moitos outros aspectos, que o servizo de limpeza viaria pasa unha vez a semana e é claramente insuficiente e que por varias veces os veciños e veciñas teñen denunciado nos medios as carreiras de coches e trompos que se fan na explanada do matadoiro. Di que o parque infantil precisa con urxencia mantemento, pero como tamén precisa máis bancos e máis sombra, como xa lle teñen dito no meu barrio. Afirma o concelleiro que non chega con outorgar o premio de barrio limpo e colocar unha placa e di que esixe unha compensación para este barrio e que se teña en conta, pois a pouco que se dea unha volta por alí semellamos barquenses esquecidos, barquenses de cuarta.

Di o voceiro do grupo mixto (BNG) que para rematar quere dicir que non estamos de acordo con que o matadoiro sexa o almacén do Concello, no só polo dito con anterioridade senón porque é un foco de afluencia de saqueadores e ladróns, como ben saben, e que por iso van dar o voto a favor da moción presentada.

Fai uso da palabra o alcalde que di que neste caso, por contestarlle ao sr. Sierra Nieves, aínda que evidentemente a quen teño que dar resposta prioritaria é ao voceiro do PP, que é o que presenta a moción, que dicir que o sr. Sierra Nieves non sabe o que di, que dixo tantas falsidades que demostran unha ignorancia e que o problema da ignorancia é que é moi atrevida. Di o alcalde que el nunca foi presentar ao lugar que dixo o concelleiro Sierra Nieves ningún proxecto para o matadoiro, excepto o que está en marcha, é dicir, o Concello planificou urbanisticamente o lugar, chegou a un acordo de cesión coa Xunta de Galicia para facer a metade da edificación para a Xunta como vivendas sociais e a outra metade para o Concello, e logo ademais tivo que facer el proxecto de urbanización, que o ía a facer a Xunta nun principio e ao final o fixo o Concello, e cando todo eso estaba en marcha la Xunta, evidentemente de eso di conta en Comisión, dixo que non era momento, que no ían a construír esas vivendas pero que

evidentemente el proxecto estaba feito e que o compromiso seguía existindo para cando existira dispoñibilidade económica, polo tanto alí irán vivendas cando se poida, e di que falar agora de que poñer alí un centro cultural, outro Gaiás no Barco, despois dos disparates e dos dispendios que se teñen feito neste país con edificios e con rehabilitacións que ao final están cerradas porque non hai diñeiro para abrilas. Di que se lle ocorre ao concelleiro Sierra Nieves a brillante idea de que gastemos alí o que non temos para facer non se sabe moi ben o qué. Prosegue dicindo que o Barrio de San Roque é probablemente o mellor atendido e que en mellores condicións esta do Barco e de moitas cidades e pobos deste país. Di que non se precisa sombra nese barrio, que é o que máis zonas verdes ten por metro cadrado no Barco, di que se fixo un Parque en un solar municipal a petición dos veciños, e debe haber tres bancos polo menos, pero que ese barrio está cheo de bancos. O sr. Alcalde solicita ao sr. Sierra Nieves que non o interrompa mentres fai uso da palabra. Prosegue dicindo que o sr. Sierra Nieves e un día lles preguntou porqué traían ao Pleno unha fotografía en papel e que gastábase papel e que o mandáramos por correo electrónico, e hoxe, di o alcalde, o sr. Sierra Nieves trae unha sábana. Di o alcalde que falando de carteis e fotos que el tamén pode facilitar fotos e dille que segundo a ordenanza municipal non se poden pegar os carteis fóra dos espacios establecidos a tal fin, e quen o regato Cigüeño estivo cheo dos seus carteis electorais durante meses e non só ese arroio senon incluso o paso soterrado que tiveron que quitarlos os obreiros municipais porque vostede non se molestou en ir a quitarlos. Solicita o alcalde que se sexa un pouco máis respectuoso e que non se pretenda dar leccións maxistras ao alcalde e que está disposto a asumilas todas, ou aos concelleiros mirándoos por riba do ombreiro. Roga o alcalde un pouco de humildade e veracidade nos feitos descritos afirmando que os datos que o sr. Sierra Nieves acostuma empregar non son certos.

Prosegue o alcalde dicindo que indo ao grao da moción, efectivamente eles fai anos, dous ou tres, que están barallando, o concelleiro de obras fundamentalmente, que teñen que ir pensando onde construír unha nave porque aínda que teñen o problema resolto aparentemente lles preocupaba este tema. Di que se ten falado co arquitecto municipal e ao que se está a esperar, primeiro é encontrar un lugar idóneo, porque ao seu xuízo non deben poñer unha nave en calquera sitio, nin nun solar municipal que ao final termine causando prexuízos aos veciños, e que nun principio o polígono industrial pode ser un lugar adecuado, a pesar de que a el lle parece que nos queda algo lonxe, e que aínda non lles entregaron os solares dotacionais e por tanto no dispoñemos nestes momentos de ningún solar, e porque ademais se acordou por unanimidade que todas as parcelas se puideran poñer a disposición dos industriais, as cesións municipais se

deixaran para o final. Di o alcalde que o arquitecto lle plantexou fai xa un tempo, sobre todo cando xurdiu o problema de dispoñibilidade da actual nave, que o mellor sitio probablemente sexan as parcelas que nos ten que ceder CEDIE, que non deixa de ser un solo industrial, e que nos vai a ceder en breve porque xa están todos os trámites practicamente resoltos, e que de feito o martes, di o alcalde, van a facer os técnicos a última inspección ao proxecto de urbanización e se todo está en orden xa estaría a punto de chegar a cesión dos terreos e alí van a quedar uns solares dotacionais para o Concello cerca do pavillón, do que imos seguir utilizando os baixos como almacén e depósito de materiais para o Concello e para os obreiros e demais. Afirma o alcalde estar de acordo e que non teñen ningún problema en comprometerse, porque están xa dándolle voltas a este tema, e aprobar a moción para, primeiro esperar a ver o tema do solar, e que todo isto se debatirá en Comisión e segundo, que el lle dirá aos técnicos que estuden o tema e fagan un proxecto para ver qué custe ten e ver en que medida poden ir habilitando aplicacións orzamentarias para nun momento determinado facer esta nave, porque efectivamente se precisa. Di o alcalde que quere dicir que en ningún momento se lles pasou pola cabeza poñer as naves municipais no antigo matadoiro se non que iso é algo provisional en tanto en canto facemos a nova nave e que a nave que se vai a utilizar está en bastantes boas condicións, que ten solidez suficiente e que os ocos que van utilizar non son toda a edificación senón unha pequena parte do matadoiro e en calquera caso o que esteamos nos alí garantiza unha habitabilidade mellor e un mantemento moito mellor que o que ten agora. Di o alcalde que, en conclusión, van votar a favor da moción porque, entre outras cousas están pensando niso e ademais é preciso.

Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves que unha vez concedida di que o goberno municipal non vendeu na praza das Casas Baratas ningún proxecto, pero si é certo que o vendeu, e que se non se lembra terá que conseguir gravacións se pode. Di que o alcalde se referiu ao barrio de San Roque, pero que el falaba dos Pedregais, que non sabe si o alcalde sabe onde está Os Pedregais e As Cortes. Di que gasta papel porque é artista plástico, e que tamén gasta lenzos e moito material e que non fixo ningún numero teatral senón que lle daba unha foto á Concelleira para que a poida enmarcar. Di que o alcalde fala da propaganda electoral e que pode o alcalde entrar no seu facebook para ver toda a propaganda que deixou o seu partido político en Santigoso, por exemplo. Di que ó mellor quen mira por enriba do ombreiro é o seu partido, o Partido Socialista, porque cada vez que hai eleccións vostedes ocupan todo o espacio e eles se ven obrigados a poñer a propaganda onde sexa porque o seu partido ocupa todo o espacío que hai.

Unha vez mais –di o alcalde- que o concelleiro Sierra Nieves incorre en falsidades e que os compañeiros do PP poden dicir que dende fai moitos anos que neste Concello se van repartindo os espazos en tercios e cada vez que van poñendo espazos se van facendo tercios, e que o que ocorre e que o sr. Sierra Nieves acaba de chegar e pensa que é o rei do mambo. Di o alcalde que de todas formas non esquece os resultados que sacou e que non foron por falta de publicidade nin de espacio para poñer publicidade, porque publicidade tiña bastante e os resultados foron os que foron.

Pide a palabra o Sr. Araújo Alonso quen unha vez concedida di que como representante do Partido Socialista na Comarca, na reunión que tiveron na Xunta Electoral, o primeiro que nos preguntou o xuíz é si o reparto era proporcional aos resultados obtidos e a resposta foi que a tercios ou a cuartos ou en función dos partidos que se presentaban, e que así foi e se deixaron os espazos en tódolos paneles, farolas etc..

Pide a palabra a Sra. Moldes Ares para dicir que tiña o propósito de contestarlle ao concelleiro Sierra Nieves pero acordou que como a forza se lle vai pola boca, se nega rotundamente a darlle ningunha información.

Rematado o debate, o Pleno do Concello, en votación ordinaria, e por unanimidade dos dezasete concelleiros, acorda:

O Concello do Barco se compromete a iniciar as xestións para a construción dunha nave municipal para o depósito dos seus vehículos, maquinaria e diverso material.

1.4 Moción presentada polo grupo municipal do P.P. relativa a “Declaración de ARI do Casco Vello do Barco”

Di o sr. alcalde que esta moción ten por obxecto a declaración dun ARI no casco vello do Barco. Sometida a moción á votación para a determinación da urxencia da mesma esta acórdase en votación ordinaria e por unanimidade dos dezasete membros que integran o Pleno do Concello.

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo para explicar a moción presentada, dando lectura a meritada moción, que, copiada literalmente, di:

“DECLARACIÓN DE ARI DEL CASCO VELLO DE O BARCO

El Consello de la Xunta de Galicia celebrado el pasado 26 de abril, entre otros asuntos, acordó la autorización para la firma de convenios de la Comisión Bilateral de Seguimiento, relativos a las áreas de rehabilitación integral en la Comunidad Autónoma de Galicia con la participación de los concellos al amparo del Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

Este acuerdo posibilitará que la Xunta de Galicia destine más de 15,6 millones de euros para el financiamiento de 2.500 nuevos objetivos de áreas de rehabilitación que se firmarán en el año 2012 con los 38 concellos gallegos que disponen de ARI, en el marco de la Comisión Bilateral del Plan de Vivenda. A los fondos autonómicos hay que sumar otros 18,8 millones de euros procedentes del Ministerio de Fomento, por lo que las ayudas públicas para nuevas actuaciones en las áreas de rehabilitación gallegas ascenderán a 34,4 millones de euros.

Ante esta buena noticia, que supondrá una importante inyección económica en el sector de la construcción y de las reformas, tenemos que lamentar que ni un sólo euro de estas cuantías venga para O Barco. Y lo cierto es que después de intentarlo en dos ocasiones, desde el año 2006, el Concello de O Barco no ha conseguido todavía la declaración de ARI del Casco Vello, y no por falta de voluntad de la Xunta de Galicia que en uno de sus últimos escritos “consideraba el área propuesta susceptible de obtener la declaración de ARI”, previa corrección de diversos aspectos de la documentación presentada.

Sea como fuere, desde nuestro grupo consideramos que la declaración de ARI resultaría muy positiva para la rehabilitación de muchas viviendas del Casco Vello así como un buen estímulo económico para autónomos y pequeños empresarios de la construcción.

Por todo lo anteriormente expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente acuerdo:

- El Concello de O Barco realizará los trámites oportunos para volver a presentar la documentación necesaria ante la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de la Xunta de Galicia para conseguir la declaración de Área de Rehabilitación Integral del Casco Vello de O Barco.”

Engade o voceiro do Grupo municipal do P.P. que os datos utilizados son os oficiais que constan na páxina web da Consellería, que quere recordar que presenta a moción coa intención máis construtiva posible, e que é consciente porque levo anos na Corporación, da unanimidade que sempre houbo en todos os Grupos Políticos nesta cuestión, a través de distintas mocions, incluso nalgunha ocasión mocions que presentara polo ano 2006 o

Sr. Mascuñana, e que en ningún momento nega que non se tivera intentado, que é un proceso largo e custoso, pero que el logo de ver o anuncio nos medios de comunicación se puxo en contacto coa Consellería e que lle dixeron que efectivamente a ARI do Barco non estaba nin aprobada nin constaba alí practicamente nada. Logo, di o concelleiro, tamén falou co arquitecto, e que teñen debatido moitas veces en Comisión de Obras a importancia da rehabilitación do Casco Vello, e que el o que lle gustaría é que se volva a intentar por terceira vez porque hai unha serie de axudas moi importantes, que agora se acaban de aprobar, e que ten unha relación de trinta concellos que a teñen e di que na provincia de Ourense está por exemplo Allariz, Castro Caldelas, Celanova, Ourense, Ribadavia, Verín e Vilar de Santos e que o Barco de Valdeorras segue sen estar nesa lista, polo que pide, xa que lle asegurou que a tramitación estaba parada o arquitecto del Concello, que a moción serva para sacalo das carpetas e volver a iniciar os trámites. Di que coa presentación de toda a documentación do PEPRI el entendía que boa parte desa documentación necesaria xa estaba redactada, porque estaban todas as casas coas súas fichas, catalogadas, etc. e que polo tanto cre que boa parte estaría realizada, polo que se está pendente do último paso. Cre que sería moi interesante porque nestes momentos de dificultades económicas representaría una inxección moi boa para as reformas e que segundo se anunciaba desde a Xunta de Galicia nesta ocasión poderían ser axudas incluso de 11.600 euros por cada actuación. Polo tanto, di o concelleiro, que cre que son inxeccións importantes ás que se debe sumar o Concello.

Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves para dicir que o BNG, como non podía ser doutro xeito, sempre defenderá a rehabilitación e humanización do casco vello do Barco, así como a declaración desta zona como área de rehabilitación integral ARI, por iso van estar a favor desa iniciativa. Di que no momento en que se presentou lle consta que dende a Xunta non se puxeron paos nas rodas a esta xestión e como di a Moción presentada considerouse o casco vello do Barco como susceptible de obter a declaración de ARI, esto ven a demostrarnos, unha vez máis, di o concelleiro, a incapacidade deste Concello para xestionar aquelas cousas que se lle poñen en bandexa e a falta de capacidade deste Goberno con vostede, Sr. alcalde, á cabeza para gobernar e levar a cabo aquelas tarefas polas que son elixidos.

O Sr. Alcalde fai uso da palabra para dirixirse ao voceiro do grupo municipal do PP, e di que como el sabe por pertencer a anteriores corporacións municipais a última xestión que se fixo foi unha reunión que mantivemos o arquitecto e el en Santiago cos responsables da Consellería

de vivenda para que lles aclararan exactamente que é o que querían, porque lles mandaran por dúas veces a documentación e nunha segunda vez entendíamos que coa documentación do PEPRI debería de bastar, pero nesa reunión, que califica de amizosa e positiva, lles quedou absolutamente claro qué documentación tiñan que presentar para dar o seguinte paso e que aprobaran o ARI para o casco vello do Barco, pero logo dixo o técnico que se ía a encargarse deste tema tivo problemas de saúde e non se puido e o arquitecto, evidentemente, di o alcalde, é incapaz de atender todos os asuntos que hai. Di que eles van a votar a favor da moción e non lles supón ningún problema porque é a súa intención tamén, e di que adianta que nos programas de cooperación deste ano solicitamos a contratación dun aparelador e que un dos primeiros traballos que vai a facer en canto podamos nomealo, será traballar neste e tamén, di o alcalde, que lle pode adiantar que ao novo secretario, ao segundo ou terceiro día de chegar, se lle encargou a preparación das bases para sacar a concurso, por un concurso-oposición, unha interinaxe, para cubrir a praza de aparelador de tal maneira que todo ese proceso se faga no tempo que estea contratada a persoa que contratemos de Programas de Cooperación para que o procedemento se acabe antes de que acabe ese contrato, para que cando remate contrato de cooperación tome posesión o interino, para que exista continuidade no departamento de obras porque co persoal actual somos incapaces de atender a todos os asuntos que temos dende el punto de vista urbanístico. Por todo iso, conclúe o alcalde, van a votar a favor da moción.

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo e di que quere aclarar que el entende que polo que viu no expediente, o último escrito é de 7 de xuño do 2010, requirindo documentación relativa á solicitude de declaración de ARI do casco vello do Barco.

O alcalde di que cando tiveron a reunión á que antes se referiu foi para que lles aclararan todos os puntos requiridos e que quen o sabe é o que precisa e que alguén faga o traballo, que se poñerán en contacto coa consellería, por que lles interesa impulsar o asunto e que non vai entrar en consideracións técnicas.

O sr. Blanco Paradelo pregunta polo estado en que se atopa o asunto relativo a unha casa na que se tiña pensado poñer a oficiña da ARI empregando fondos.

O alcalde di que a casa está en ruína, que se lle impuxo unha sanción e mesmo se lle tirou polo Concello parte do aleiro que era perigoso, que segue tendo problemas no tellado e que nun momento determinado o

Concello tiña diñeiro na aplicación presupostaria para comprala pero non se puido adquirir por mor de descoñecer os herdeiros e agora non existe previsión orzamentaria para adquirila.

Pregunta o Sr. Blanco Paradelo se o goberno local mantén a intención de adquirir a casa á que se referiu.

O sr. Alcalde di que se estudará xa que cando se falou de adquirila o Concello tiña un presuposto de nove millón e medio e agora ten oito millóns dous centos mil euros, que se pode buscar outra solución como a Casa Grande que ten salas libres que ten o Concello, e que o importante é prestar o servizo, e que unha das salas a está utilizando a propia Xunta dende fai cinco ou seis anos para os servizos veterinarios e sanitarios, e nós non temos ningún problema en que deixe de ocupala, e se podemos prestar o servizo sen gastar cartos é mellor.

Rematado o debate, o Pleno do Concello, en votación ordinaria, e por unanimidade dos dezasete concelleiros, acorda:

O Concello do Barco realizará os trámites oportunos para volver a presentar a documentación necesaria ante a Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia para conseguir a declaración de Área de Rehabilitación Integral do Casco Vello do Barco.

2 Rogos e preguntas

Pide a palabra a sra. Delgado Fernández para preguntar ao concelleiro de deportes polas queixas recibidas por varios equipos deportivos, que usan as instalacións deportivas no Barco, en concreto no pavillón de deportes, e que están en desacordo coa xestión que se fai delas, porque para utilizar os vestiarios do pavillón, aos usuarios esíxeselle firmar nun papel en branco e poñer o seu nome, apelidos, DNI e firmar para que se lle dea a chave dos vestiario e utilízalos, sen ter en conta ningún tipo de protocolo en canto á Lei de protección de datos, sen que se lle dea información de a onde van ir eses datos nin para que se utilizan, e que eles non teñen coñecemento de que se estea a dar cumprimento da meritada lei. Prosegue a concelleira preguntando se o concelleiro delegado de deportes sabe que as veces ao público se lle impide levar calquera tipo de alimento ou pipas, latas de bebida etc., para non ter que limpar logo as gradas cando están presupostados 2.000 euros exclusivos para a limpeza do pavillón, e que ao seu xuízo se trata de favorecer que tanto a xente da zona como os visitantes

acudan con gusto aos espectáculos deportivos e as competición que se celebren e non impedir e poñer trabas para que non se sintan cómodos, sobre todo, di a concelleira, cando non hai papeleiras, o que é grave. Prosegue a concelleira dicindo que comentar que nas gradas do campo de fútbol fai falta unha papeleira, e que entende que hai que concienciar á xente de que se teñen que usar os colectores pero tamén teñen que facilitar a concienciación poñendo as papeleiras nas gradas tanto no campo de fútbol como no pavillón.

Fai uso da palabra o sr. Fernández Arias, concelleiro delegado de deportes para dicir que as instalacións deportivas son para uso deportivo non son para comer pipas, ni para beber cervexas e que é lamentable algunhas veces que nun pavillón, te sentas e atopas con que está cheo de pipas ou papeis. Di o concelleiro que no pavillón de deportes hai un cartel que pon que se prohibe a consumición de bebidas e de produtos como pipas. Prosegue dicindo que en ningún sitio que el coñeza, en ningún pavillón de deportes lle permiten comer pipas á xente e tiralas ao chan, que a xente o que debería é ter un pouco máis de civismo e usar un cartucho caso no que ninguén lle prohibiría comer pipas. Prosegue o concelleiro dicindo que respecto da esixencia da sinatura ven de anos atrás e ten unha única finalidade: controlar quen é o que desfai as cousas. Di o concelleiro que recentemente no partido de fútbol sala do Barval Barco contra uns rapaces de Ferrol, ao rematar o partido, e eso que gañaron, romperon todas as duchas e tiraron todas as ceboletas ao váter e que a única forma de controlar iso é coller o nome do responsable para despois pedirlle á Federación que a ese clube lle reclame os danos e revirtan os custes de arranxalos ao Concello. Di que o obxecto é a protección das instalacións xa que hai equipos que teñen roto portas, duchas, etc., que ven de anteriores corporacións e que cando el asumiu a delegación acordou que se seguira con ese sistema.

A sra. Delgado Fernández solicita a palabra para contestar ao concelleiro delegado de deportes ao que o sr. Alcalde lle si que os rogos e preguntas non inclúen o debate, e dálle a palabra a concelleira.

Di a sra. Delgado Fernández que lle parece ben que se controlen as instalacións e o seu coidado pero que ten xestionarse doutra maneira para que funcione, e que non se xestione dunha maneira informal e que si hai persoal de limpeza do pavillón e un presuposto para a limpeza se use pois ao seu grupo o que lle importa é que a xente siga acudindo e aumente a concorrencia aos partidos sen que se lle poñan trabas.

O sr. Fernández Arias fai uso da palabra para dicir que lle ten pasado de ir a algún partido ás seis da tarde e non poder sentarse nas gradas por que

houbo previamente outro partido e ensuciaron e mollaron os asentos, que se pode molestar aos demais asistentes coas pipas, coca-colas ou o que caía nas gradas de abaixo e incluso que use os botes para tirar, nun momento de nervios, á cancha, que todos os pavillóns teñen uns controis bastantes exhaustivos e que dende que se controlan os accesos aos vestiarios so houbo a incidencia que comentou antes porque os demais clubs se comportaron de forma, que os datos que se recollen son os do responsable do equipo soamente, non os dos rapaces.

3 Dación de contas das resolucións da Alcaldía dende o nº 146/12 ata o nº 173/12, e das actas da Xunta de Goberno Local (sesións de 12 e 19 de abril de 2012)

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 146/12 ata o nº 173/12, e das actas das sesións da Xunta de Goberno Local celebradas os días 12 e 19 de abril de 2012.

4 Dación de conta do informe de morosidade do primeiro trimestre do ano 2012.

Dáse conta pola alcaldía-presidencia do informe de morosidade do primeiro trimestre do ano 2012 (2/2012) sobre cumprimento da Lei de Morosidade e do informe da alcaldía sobre xustificación do incumprimento.

Di o Sr. Alcalde que está a disposición dos concelleiros e que como se ve se segue cumprindo practicamente a de forma exacta a normativa. Di que no informe hai neste momento dúas facturas, unha factura que entenden os propios técnicos que está prescrita e se pediu á empresa que xustifique que fixo xestións para cobrala e outra factura que está no recoñecemento extraxudicial e que en canto se aprobe se lle paga. Di o alcalde que hai catro certificacións de obra, que debido ao cambio da lei en xaneiro, antes eran 55 días para pagalas e agora son 40 e que ata agora se estaba tomando como día 1 de eses 40, o día que entraba no Rexistro do Concello e con esa interpretación se estaría cumprindo a normativa pero unha nova interpretación esixe que como día 1 do prazo e conte o día da emisión da certificación, que adoita vir uns días antes, polo que houbo en dúas certificacións seis ou sete días de mora e outras dúas con e que quere dicir que seguen cumprindo en liñas xerais a normativa de morosidade.

O Sr. Blanco Paradelo fai uso da palabra para dicir que existen 48 facturas fóra de prioridade de pago de final de trimestre por operacións fundamentalmente de material, subministro, reparación, mantemento e conservación por valor de 26.672 euros, e temos outra tamén pendente de

pago, aínda que está dentro do período legal, por valor de 178.100€, polo que existen facturas pendentes que suman 200.000 euros, unhas que xa pasou o período e outras que están pendentes.

O sr. Alcalde fai uso da palabra para dicir que o sr. Blanco Paradelo sabe evidentemente que o normal no último trimestre de ano e primeiro do seguinte existen problemas que temos coa entrada das facturas e que pode darse o caso de que algunha non teña aplicación orzamentaria nese momento e que repite que na xestión económica do Concello e no pago o Concello segue actuando ben como poden constatar os provedores.

E non habendo máis asuntos que tratar polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:43 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez